

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	29
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	35

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 3º de ESO en 9 unidades que se corresponden cos distintos mecanismos de avaliación que empregaremos de forma trimestral:

UNIDADE 1: Correspóndese coa primeira proba escrita do primeiro trimestre, que inclúe os temas 1 e 3.

- Comunicación en acción: Esta unidade está centrada en repasar contidos fundamentais para a nosa materia como é o texto e as súas propiedades. Asentaremos as bases para profundizar no texto expositivo, para que sexan capaces de realizar boas exposicións tanto orais como escritas. Tamén abordaremos o estudo das funcións da linguaxe.
- Repaso literario: o obxectivo desta unidade consiste en profundizar e establecer unha base forte no ámbito literario. Achegarémonos aos conceptos de xéneros literarios, recursos literarios e nocións básicas de métrica. Esta unidade constitúe un repaso do ano anterior.

UNIDADE 2: Correspóndese coa segunda proba escrita do primeiro trimestre, que inclúe os temas 2 e 4.

- De la letra a la palabra: Dedicaremos esta unidade ao estudo da palabra. Dende os diferentes tipos ata os seus constituíntes.
- ¡Albricias!: a finalidade desta unidade é que o alumnado sexa capaz de ler, comprender e disfrutar os textos alonxados do seu contexto histórico e social. Achegarémonos ao contexto da Idade Media, ás diferentes correntes literarias e aos autores e autoras elixidos relacionando estes novos coñecementos con outros actuais próximos a eles. Dedicaremos este tema á análise textual dunha escolma de fragmentos narrativos, líricos e dramáticos procedentes da literatura medieval e prerrenacentista.

UNIDADE 3: Esta unidade correspóndese coa proba de lectura, os distintos traballos e a exposición oral trimestral. Polo que terá lugar ao longo do primeiro trimestre.

UNIDADE 4: Correspóndese coa primeira proba escrita do segundo trimestre, que inclúe os temas 5 e 6 (parte).

- La diversidad e riqueza: con esta unidade, preténdense combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos; ademais de coñecer e reflexionar sobre a realidade plurilingüe de España. Abordaremos o estudo da orixe e a evolución do español, relacionándoo co seu coñecemento da Idade Media e doutras etapas históricas.
- Pescadores de la lengua: Analizaremos nesta unidade como se organizan as palabras no discurso, cales son os distintos sintagmas e tamén as principais funcións sintácticas que poden aparecer na oración simple.

UNIDADE 5: Correspóndese coa segunda proba escrita do segundo trimestre, que inclúe os temas 6 (parte) e 7.

- Pescadores de la lengua: Analizaremos nesta unidade como se organizan as palabras no discurso, cales son os distintos sintagmas e tamén as principais funcións sintácticas que poden aparecer na oración simple.
- Carpe diem: a finalidade desta unidade é que o alumnado sexa capaz de ler, comprender e disfrutar os textos alonxados do seu contexto histórico e social. Achegarémonos ao contexto do Renacemento, ás diferentes correntes literarias e aos autores e autoras elixidos relacionando estes novos coñecementos con outros actuais próximos a eles. Dedicaremos esta unidade á análise textual dunha escolma de fragmentos narrativos, líricos e dramáticos procedentes da literatura renacentista.

UNIDADE 6: Esta unidade correspóndese coa proba de lectura, os distintos traballos e a exposición oral trimestral. Polo que terá lugar ao longo do segundo trimestre.

UNIDADE 7: Correspóndese coa primeira proba escrita do terceiro trimestre, que inclúe os temas 8 e 9.

- Campo de palabras: Dedicaremos esta unidade á semántica. Analizaremos as palabras tendo en conta o seu significado e os procedementos, polo que abordaremos as distintas relacións semánticas, pero tamén outros contidos como o cambio semántico e o uso dos dicionarios.
- Buceadores de la lengua: Estudaremos as restantes funcións sintácticas que poden aparecer na oración simple (continuación da unidade 6) e tamén reflexionaremos sobre as distintas formas de clasificar a oración simple.

UNIDADE 8: Correspóndese coa segunda proba escrita do terceiro trimestre, que inclúe os temas 10 e 11.

- Horror vacui: a finalidade desta unidade é que o alumnado sexa capaz de ler, comprender e disfrutar os textos alongados do seu contexto histórico e social. Achegarémonos ao contexto do Barroco, ás diferentes correntes literarias e aos autores e autoras elixidos relacionando estes novos coñecementos con outros actuais próximos a eles. Dedicaremos esta unidade á análise textual dunha escolma de fragmentos narrativos, líricos e dramáticos procedentes da literatura barroca.

- Reporteros con flow: Nesta unidade, imos analizar e producir textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación, facendo fincapé nos textos publicitarios.

UNIDADE 9: Esta unidade correspóndese coa proba de lectura, os distintos traballos e a exposición oral trimestral. Polo que terá lugar ao longo do terceiro trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Prueba escrita 1	Esta unidade correspóndese co primeiro exame que consta de dous temas: Comunicación en acción e Repaso literario.	12	16	X		
2	Prueba escrita 2	Esta unidade correspóndese co segundo exame que consta de dous temas: De la letra a la palabra e ¡Albricias!	12	16	X		
3	Lectura, Trabajos y Exposición Oral (Trimestre 1)	Esta unidade correspóndese coa proba de lectura, os distintos traballos e a exposición oral trimestral. Polo que terá lugar ao longo do trimestre.	10	3	X		
4	Prueba escrita 3	Esta unidade correspóndese co terceiro exame que consta de dous temas: La diversidad es riqueza e (parte da unidade) Pescadores de la lengua.	12	16		X	
5	Prueba escrita 4	Esta unidade correspóndese co cuarto exame que consta de dous temas: (parte da unidade) Pescadores de la lengua e Carpe diem.	11	16		X	
6	Lectura, Trabajos y Exposición Oral (Trimestre 2)	Esta unidade correspóndese coa proba de lectura, os distintos traballos e a exposición oral trimestral. Polo que terá lugar ao longo do trimestre.	10	3		X	
7	Prueba escrita 5	Esta unidade correspóndese co segundo exame que consta de dous temas: Campo de palabras e Buceadores de la lengua.	12	16			X
8	Prueba escrita 6	Esta unidade correspóndese co segundo exame que consta de dous temas: Horror vacui e Reporteros con flow.	11	16			X
9	Lectura, Trabajos y Exposición Oral (Trimestre 3)	Esta unidade correspóndese coa proba de lectura, os distintos traballos e a exposición oral trimestral. Polo que terá lugar ao longo do trimestre.	10	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Prueba escrita 1	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos de diferentes tipoloxías textuais; así como as características propias de cada tipo de texto.	PE	100
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Ademais de coñecer as distintas propiedades textuais, o alumnado recoñecerá os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos e identificará a expresión da subxectividade en textos dos medios de comunicación de carácter expositivo.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado identificará e será capaz de solucionar os problemas que existen nun texto relacionados coa coherencia, a cohesión e a adecuación. Pero tamén será capaz de identificar as distintas funcións da linguaxe e a forma en que estas se manifestan nun texto.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	As alumnas e os alumnos revisarán os seus textos para mellorar a súa estrutura, utilizar o vocabulario máis preciso e lograr un resultado máis claro e eficaz, evitando as faltas de ortografía.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos literarios e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor. Ademais de saber xustificar a diferenza entre os distintos xéneros literarios e os seus rasgos principais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Prueba escrita 2	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado aplicará os coñecementos sobre os constituíntes das palabras para inferir o significado de termos técnicos habituais nos textos do ámbito académico.	PE	100
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	As alumnas e os alumnos revisarán os seus textos para mellorar a súa estrutura, utilizar o vocabulario máis preciso e lograr un resultado máis claro e eficaz, evitando as faltas de ortografía.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado terá que ser quen de explicar mudanzas no significado das palabras en función dos compoñentes internos que as formen (lexemas e morfemas) e recoñecer os seus compoñentes. Ademais disto, deberá distinguir os tipos de palabras segundo a súa formación.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Como mínimo, o alumnado deberá distinguir as distintas categorías gramaticais e os seus subtipos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
3	Lectura, Trabajos y Exposición Oral (Trimestre 1)	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O/a alumno/a realiza unha exposición que se presenta de forma lóxica e interesante para o resto da clase.	TI	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O/a alumno/a realiza unha exposición empregando un rexistro adecuado e, ademais, utiliza palabras técnicas.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O/a alumno/a coñece o tema da súa exposición oral e inclúe exemplos ilustrativos que permiten ao resto do grupo aprender coa súa exposición.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O/a alumno/a realiza unha exposición oral manexando correctamente os elementos non verbais: presenta un bo control do tempo, mantén unha boa pronunciación e un volume adecuado e, ademais, tamén coñece o guion da exposición e non revisa o papel.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O/a alumno/a participa nas clases de forma activa, presentándose como voluntario/a, e favorece o desenvolvemento da clase.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos revisarán os seus textos para mellorar a súa estrutura, utilizar o vocabulario máis preciso e lograr un resultado máis claro e eficaz. (Isto valorarase mediante a entrega de redaccións).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O/a alumno/a realiza unha exposición axudándose dun apoio visual que favorece a comprensión do tema que se aborda.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O/a alumno/a coñece o tema da súa exposición oral e inclúe exemplos ilustrativos que permiten ao resto do grupo aprender coa súa exposición.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O/a alumno/a participa nas clases de forma activa, presentándose como voluntario/a, e favorece o desenvolvemento da clase.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da narrativa xuvenil e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ese xénero. (Isto corresponde á lectura obrigatoria que se realiza en cada trimestre).		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será quen de expresar a súa opinión sobre un libro de lectura (Isto corresponde á lectura obrigatoria que se realiza en cada trimestre).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.

Contidos

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	Prueba escrita 3	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá, como mínimo, explicar tanto a orixe como o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do galego e do castelán. Tamén terá que identificar os trazos dos dialectos do castelán e os tipos de palabras segundo a súa orixe.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
- Partir das ideas previas. É necesario coñecer o nivel de coñecementos que os alumnos teñen sobre os temas que van ser tratados, sobre todo, neste curso, pola diversidade de centros educativos dos que proceden. Verase reflectido na proba de avaliación inicial.
- Modelo de aprendizaxe significativa e construtivista. Favorécese así unha aprendizaxe autónoma tendo como referentes un método dedutivo, analítico e participativo.
- Metodoloxía activa e flexible. O alumno será protagonista, suxeito axente do proceso, en lugar de suxeito pasivo. O docente será o mediador na adquisición de coñecementos e verá reducida a metodoloxía expositiva pola súa parte, para que o alumno extraia conclusións a partir do propio traballo.
- Atención á diversidade do alumnado. Atenderase á diferenza entre os alumnos, planificando un conxunto de actuacións posibles que permitan dar resposta ás diversas situacións que presenten os alumnos. Por isto, é necesario propoñer, en cada unidade didáctica, actividades de reforzo e ampliación destinadas aos alumnos que presenten dificultades para conseguir o ritmo da clase ou ben desenvolver as capacidades adecuadamente.
- Avaliación do proceso educativo. Permitiranos reestruturar na medida do posible certas actuacións, tomando como base as informacións recollidas durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Deste xeito, queda reflectido o carácter aberto e flexible que pretendemos que constitúa este documento como queda exposto na introdución.
- Metodoloxía motivadora. Trátase nun principio de formular situacións que conecten dalgunha maneira cos intereses e expectativas do alumnado. A aportación desta Programación nese sentido motivador vén favorecida polo uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) a través do Proxecto E-DIXGAL como medio de coñecemento, apoio e ampliación. Doutro lado, procederase a potenciar a utilización da biblioteca, na medida do posible, para favorecer os hábitos de lectura e a búsqueda de información complementaria e ampliación de coñecementos.
- Enfoque multidisciplinar. Levarase a cabo un traballo de colaboración con distintos departamentos á fin de que o alumnado integre os coñecementos relacionados en distintas áreas. Neste sentido preténdese que o alumnado asuma a funcionalidade e sexa capaz de ver a relación dun concepto en varias disciplinas.

Existen diferentes modelos metodolóxicos. Non obstante, na nosa Programación non hai identificación específica por un único modelo, posto que cada unidade pode precisar nun determinado momento dun diferente, de acordo coa realidade de cada aula.

A programación de actividades de aula por parte de cada profesor ou grupo de profesores da área, debe ter en conta a realidade do seu alumnado concreto. Ofreceranse actividades apropiadas aos diversos ritmos de aprendizaxe do alumnado. Na nosa Programación os tipos de actividades que utilizaremos serán os seguintes:

- Actividades previas e de motivación. Tratan de averiguar as ideas, os intereses, as necesidades, etc., dos alumnos sobre os contidos que se van traballar. Con elas suscítase a curiosidade intelectual e a participación de todos nas tarefas educativas.
- Actividades de desenvolvemento. Son aquelas que as unidades de programación prevén con carácter xeral para todo o alumnado.
- Actividades de reforzo. Para aqueles alumnos que presenten ritmos de aprendizaxe máis lentos (alumnado con necesidades educativas especiais) para así facilitarlle o desenvolvemento das súas capacidades.
- Actividades de ampliación. Son aquelas que posibilitan aos alumnos seguir avanzando nos seus procesos de aprendizaxe unha vez realizadas satisfactoriamente as tarefas propostas nunha unidade de programación. Habería que diseñalas para alumnos con ritmos de aprendizaxe rápido.
- Actividades de avaliación. O profesorado debe deseñar estas actividades, sen que poidan ser percibidas polos alumnos como diferenciadas, para reaxustar permanentemente os procesos educativos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora.
Edixgal
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos TIC e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións

Como para este curso o noso Centro participa no Proxecto E-DIXGAL, contaremos con varios libros dixitais aos que poderemos botar man para elaborar as distintas unidades didácticas. Non obstante, tamén contaremos con material realizado polo propio docente e que estará dispoñible na plataforma mencionada.

Ademais destes libros, outros materiais didácticos que podemos empregar son: dicionarios de distintos tipos e en distintos formatos, gravacións de textos para actividades de comprensión oral, imaxes de paisaxes, obxectos e persoas para as actividades de descrición oral ou escrita, libros para lectura obrigatoria (un por cada avaliación), libros de lectura optativa. Estas lecturas serán seleccionadas ao comezo de cada un dos trimestres e constarán no Libro de actas. Propoñerémolles aos alumnos unha lista de obras seleccionadas para elixir e fomentar así a lectura como fonte de pracer.

Do mesmo xeito, tamén contamos con ordenadores na aula, aula virtual do IES Martaguisela, correos electrónicos, taboleiro dixital, Internet, películas, textos diversos, especialmente, xornalísticos, literarios e da vida cotiá, recursos fotocopiabiles e recursos dixitais (selección de páxinas web e blogs indicados para o traballo coas novas tecnoloxías).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase na primeira semana do curso escolar e daranos información sobre os coñecementos previos que posúe o alumno da materia, permitíndonos adecuar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ás súas posibilidades. En 3º da ESO a profesora xa coñece á maior parte do alumnado, polo que teremos este feito en conta de cara á avaliación inicial. Realizaremos durante a primeira semana unha proba escrita para comprobar a competencia lingüística (comprensión lectora) e os coñecementos dos contidos curriculares gramaticais básicos da materia a nivel de 2º de ESO daqueles alumnos e alumnas que non coñecemos do ano anterior.

Os datos recadados con esta proba completaranse coa observación da profesora na aula, coa información que lle acheguen os titores, o resto do equipo docente ou os membros do equipo de orientación, de ser preciso. Ademais, un aspecto moi importante que xoga ao seu favor é que a profesora xa posúe un coñecemento da realidade tanto académica como emocional da maior parte deste alumnado, xa que lle impartiu clase o ano anterior. A análise e valoración dos resultados quedará reflectida no Libro de actas do Departamento.

Ademais, a avaliación dos coñecementos previos pódese realizar ao comezo de cada unidade, pedindo aos alumnos que adiviñen de que trata cada unha, a partir do título, as imaxes, a lectura inicial...

Antes de iniciar o proceso de avaliación deben terse en conta aspectos tan esenciais como:

- Posibilitar que demostre o que sabe
- Que non viva a experiencia como un exame ou unha proba a superar
- Considerar a avaliación de forma flexible.

A proba será elaborada seguindo os bloques de contidos de 2º de ESO da nosa materia, Lingua Castelá e Literatura, seleccionando de cada un deles, o máis significativo, importante e básico:

Bloque 1. As linguas e os seus falantes

Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita.

Bloque 3. Comunicación: expresión oral e escrita.

Bloque 4. Educación literaria.

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua.

Un modelo posible de avaliación inicial contería estas preguntas:

- Un texto sobre o que se realizarán preguntas de comprensión (comprensión lectora).
- Un bloque de gramática e ortografía para comprobar o grao de adquisición de contidos básicos do curso anterior (clases de palabra, acentuación e puntuación dun texto, análise sintáctica básica da oración simple).
- Expresión escrita (resumo, redacción dun texto cunha temática guiada ou descrición dunha paisaxe, persoa...).

Os datos recadados con esta proba completaranse coa observación da profesora na aula, coa información que lle acheguen os titores, o resto do equipo docente ou os membros do equipo de orientación, de ser preciso.

Unha vez levada a cabo a avaliación inicial e vistos os resultados, de ser preciso a profesora poderá adoptar:

- Medidas de apoio e recuperación para aqueles alumnos que se detectou que o poidan necesitar.
- Medidas encamiñadas a modificar, perfilar e enriquecer o proceso educativo definindo, grazas á información obtida nesta avaliación, cuestións relativas ao desenvolvemento do currículo (estratexias de ensinanza-aprendizaxe, metodoloxía na aula, temporalización das unidades didácticas, selección de materiais e recursos, implicación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe...).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	10	12	11	10	12	11	10	100
Proba escrita	100	100	0	100	100	0	100	100	0	70
Táboa de indicadores	0	0	100	0	0	100	0	0	100	30

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Proba escrita.

b) Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): traballos escritos, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións, probas de lectura...

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas:

- As dúas primeiras unidades de cada trimestre correspóndense coas probas escritas e puntúan un 70% da nota trimestral.

- A terceira unidade de cada trimestre correspóndese cos traballos escritos, a exposición oral e o libro de lectura e puntúa un 30% no trimestre.

Para obter unha avaliación positiva en cada avaliación, o alumnado deberá acadar unha puntuación que sexa igual ou superior a 5 puntos, unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes. Ademais, deberá presentarse a todas as probas escritas (en caso de causa de forza maior debe presentar o xustificante pertinente - médico ou calquera outro

que teña peso ou validez - para ter dereito a repetilas noutra data).

Se durante a celebración de calquera das probas escritas vemos que o alumno manipula chuletas, apuntamentos, o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico coa intención de copiar, será obxecto de medida disciplinaria. Isto suporía a retirada inmediata e invalidación de dita proba, sendo a súa cualificación de 0 puntos.

Avaliación final: a cualificación final obterase sumando as medias ponderadas de cada unha das avaliacións (a nota que se terá en conta para someter ao peso de cada unha das avaliacións será a cualificación aritmética real sen aproximar obtida polo alumno ou alumna en cada unha delas) que en principio se valorarán mediante a media aritmética, dado que os pesos das unidades por trimestre é de 34% (primeiro trimestre), 33% (o segundo) e 33% (o terceiro); debido a que non é posible empregar números decimais.

Considerarase superada a materia no caso de que a suma resultante das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5. Unha vez acadada a avaliación positiva na convocatoria ordinaria, a nota final que constará no seu expediente será resultado dunha aproximación, a partir de 0.5 décimas, ao punto seguinte, sempre e cando o alumno ou alumna manifestase ao longo do curso unha actitude positiva e interese de cara á materia e participación na aula (isto valorarase mediante a observación diaria e a recollida de datos no caderno docente).

A profesora poderá modificar porcentaxes ou incluír alteracións na organización dos contidos sempre e cando informe ao alumnado con suficiente antelación. De darse o caso, quedaría reflectido tanto no seguimento da Programación didáctica como no Libro de actas do Departamento.

Durante o curso, no caso dalgunha avaliación suspensa, a profesora facilitará a recuperación mediante probas de recuperación das partes suspensas que se realizarán no seguinte trimestre (ao comezo do segundo e terceiro) e, unha vez realizado o terceiro, para facilitar a consecución dos obxectivos do curso. Así mesmo, aquel alumnado aprobado, pero que non estea satisfeito cos resultados dalgunha das avaliacións, tamén poderá presentarse a esas probas na procura da mellora destes. Neste último caso, terase en conta para o cómputo da nota da avaliación correspondente, sempre a puntuación máis alta. A nota desas probas estará sometida á porcentaxe correspondente dentro dese 70%.

O noso alumnado, ao longo do curso, obterá na nosa materia unha nota na primeira avaliación, outra na segunda e unha nota na terceira que daremos por rematada a comezos do mes de xuño, ademais dunha avaliación final que se celebrará a finais de xuño.

ÚLTIMAS SEMANAS DO MES DE XUÑO: No período de tempo que abrangue desde o remate da terceira avaliación ata a celebración da sesión de avaliación final, os membros do Departamento tomamos a decisión de levar a cabo un labor de titorización e traballo con diferente tipo de actividades dependendo da realidade do noso alumnado: repaso, apoio, reforzo, ampliación ou recuperación daqueles contidos mínimos non superados ao longo do curso coa finalidade de que o alumnado implicado poida acadar os estándares de aprendizaxe previstos ou ben poda mellorar os seus resultados se non se mostra conforme con eles. Deste xeito, podemos atoparnos coas seguintes situacións:

- **ALUMNADO QUE TEN UNHA NOTA FINAL IGUAL OU SUPERIOR A 5 E ESTÁ SATISFEITO COS SEUS RESULTADOS** realizará actividades que lle permitan repasar os contidos vistos ao longo do curso, así como tarefas de reforzo e ampliación sobre algúns dos contidos. A cualificación final daquel alumno ou alumna que amose interese e realice de forma satisfactoria as actividades propostas durante estas últimas semanas de curso poderá incrementarse ata un 0,5.

- **ALUMNADO QUE TEN UNHA NOTA FINAL IGUAL OU SUPERIOR A 5, PERO QUERE OPTAR A MELLORALA NUN TRIMESTRE EN CONCRETO** terá que presentarse a unha proba para tentar acadar unha mellor cualificación. A nota desa proba estará sometida á porcentaxe correspondente dentro dese 70%. En caso de que a nota obtida nesta proba sexa inferior, terase sempre en conta a puntuación máis alta.

- **ALUMNADO QUE TEN UNHA NOTA FINAL INFERIOR A 5** terá que recuperar a materia total ou parcialmente. Pódense dar os seguintes casos:

· O alumnado que teña suspensa tan só unha avaliación terá que presentarse a unha proba para recuperar a parte suspensa. A nota desa proba estará sometida á porcentaxe correspondente dentro dese 70%.

· O alumnado que teña suspensas dúas ou as tres avaliacións terá que presentarse a unha proba escrita de contidos mínimos de toda a materia coa que demostrará que acadou os obxectivos e competencias do curso de referencia. O exame estará constituído polo bloque de Lingua e Literatura e buscarase que o peso porcentual sexa máis ou menos equitativo entre ambas partes. A cualificación da materia coincidirá coa nota dese exame. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos.

AVALIACIÓN FINAL: a cualificación final obterase sumando as medias ponderadas de cada unha das avaliacións (a nota que se terá en conta para someter ao peso de cada unha das avaliacións será a cualificación aritmética real sen aproximar obtida polo alumno ou alumna en cada unha delas). Considerarase superada a materia no caso de que a suma resultante das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5. Durante a celebración da avaliación final, a nota que

faremos constar no seu expediente será resultado dunha aproximación, a partir de 0.5 décimas, ao punto seguinte, sempre e cando o alumno ou alumna manifestase ao longo do curso unha actitude positiva e interese de cara á materia e participación na aula (isto valorarase mediante a observación diaria e a recollida de datos no caderno docente)..

Criterios de recuperación:

Durante o curso, no caso dalgunha avaliación suspensa, a profesora facilitará a recuperación mediante probas que se realizarán no seguinte trimestre (ao comezo do segundo e terceiro) e, unha vez realizado o terceiro, para facilitar a consecución dos obxectivos do curso. Así mesmo, aquel alumnado aprobado, pero que non estea satisfeito cos resultados dalgunha das avaliacións, tamén poderá presentarse a esas probas na procura da mellora destes. Neste último caso, terase en conta para o cómputo da nota da avaliación correspondente, sempre a puntuación máis alta. A nota desas probas estará sometida á porcentaxe correspondente dentro dese 70%.

Se unha vez realizada/s a/s recuperación/s pertinente/s e tras sometelas á porcentaxe correspondente (apartado anterior), o alumno ou alumna continúa sen acadar unha cualificación igual ou superior a 5, entón terá outra opción de cara a final de curso.

A final de curso o ALUMNADO QUE TEN UNHA NOTA FINAL INFERIOR A 5 terá que recuperar a materia total ou parcialmente (remito ao apartado anterior).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Polo que respecta ao seguimento e recuperación da materia pendente, intentaremos motivar aos alumnos que non acadaran os obxectivos da materia no/s curso/s anterior/es con exercicios de recuperación para garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe por parte deste alumnado. Como a aprendizaxe é progresiva, ao comezo dunha unidade insistiremos no fundamental da anterior para que o alumno saiba conectar. Facilitaráselle direccións dixitais nas que poida repasar os contidos e realizar actividades autocorrectivas dos diferentes bloques coa fin de conseguir os contidos mínimos esixibles.

No caso daqueles alumnos que teñan a materia pendente, ao carecer dunha hora asignada para ese cometido, o seu seguimento correrá a cargo do profesor que lle imparta clase no presente curso. Este, ademais de valorar o seu progreso e resolver as posibles dúbidas que xurdan, facilitaralle actividades encamiñadas á revisión e adquisición dos contidos da/s materia/s pendente/s.

Os alumnos con Lingua Castelá e Literatura de 4º de ESO que teñan pendente a materia do curso anterior serán debidamente informados das vías que se lles ofrecen para superar a materia pendente, datas e lugares de realización das probas. O profesorado entregarlle a cada alumno/a coa materia pendente un Plan de Recuperación onde se indican as dúas vías para superar dita materia:

1ª vía) O alumno recibirá un boletín de actividades que deberá realizar e entregar como data límite o 15 de decembro (primeira parte) e o 20 de abril (segunda parte) para a súa valoración e corrección por parte da profesora do curso actual, que será a que se encargue do seu seguimento.

Os contidos obxecto de avaliación para aqueles/as alumnos/as que teñan pendente a materia do curso anterior serán os de 3º ESO e deberán acadar o grao mínimo esixible dos mesmos a través do exame de avaliación e do boletín de actividades. A continuación preséntanse os contidos por bloques:

Bloque 1. As linguas e os seus falantes: Orixe e evolución das linguas en España.

Bloques 2 e 3. Comunicación: comprobarase a adquisición da competencia lectora a través dun texto con preguntas e para a expresión escrita realizará un texto narrativo, descritivo ou expositivo.

Bloque 4. Educación literaria: Análise da literatura dende a Idade Media ata o século XVII.

Bloque 5. Reflexión sobre a Lingua: Elementos da comunicación e signos. Análise morfolóxica: palabras variables e invariables. Complemento do predicado e clasificación da oración simple.

Os contidos para o boletín de actividades dividirase da seguinte maneira:

Boletín para entregar en decembro (primeira parte):

---- As linguas e os seus falantes: Orixe e evolución das linguas en España.

---- Comunicación: comprobarase a adquisición da competencia lectora a través dun texto con preguntas e para a expresión escrita realizará un texto narrativo e texto descriptivo.
---- Educación literaria: Análise da literatura española da Idade Media.
---- Reflexión sobre a Lingua: Elementos da comunicación e signos. Análise morfolóxica: palabras variables e invariables.

Boletín para entregar en abril (segunda parte):

---- Comunicación: comprobarase a adquisición da competencia lectora a través dun texto con preguntas e para a expresión escrita realizará un texto expositivo.
---- Educación literaria: Análise da literatura española do Renacemento e Barroco.
---- Reflexión sobre a Lingua: Complementos do predicado e clasificación da oración simple.

No tocante aos criterios de avaliación serán como seguen:

- Actividades entregadas ao alumno: 70%
- Proba escrita: 30%

A materia quedará superada cando a calificación obtida entre o exame e as actividades sexa igual ou superior a 5. A partir de 0.5 aproxímanse ao punto seguinte sempre que se dea o caso de que a materia estea superada.

*A avaliación de Investigación e tratamento da información irá incluída na da materia de Lingua Castelá de 2º ESO.

2ª vía) En caso de non ter superada a materia polo procedemento anterior, a xefatura do departamento deseñará unha proba escrita final sobre o currículo da materia do curso que esté pendente que constará das seguintes partes:

- Comprensión e expresión escrita ou multimodal: resumo dun texto ou esquema, comentario ou creación dun texto pautado. (2 puntos)
- Unha pregunta sobre as linguas e os seus falantes ou sobre o tema de comunicación (2 puntos).
- Dúas preguntas de reflexión sobre a lingua (3 puntos).
- Dúas preguntas de Literatura (3 puntos).

A data desta proba será fixada pola xefatura do departamento. A cualificación que constará será a nota desta proba escrita unha vez aplicado o redondeo, a partir de 0.5 aproxímanse ao punto seguinte sempre que se dea o caso de que a nota sexa igual ou superior a 5 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe constituír un pilar esencial da aula. Tendo en conta que o alumnado de 3º curso da ESO xa non conta coa oportunidade de acudir á aula de apoio para traballar en pequeno grupo con profesorado especialista en pedagogía terapéutica, será labor do profesor supervisar o proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno/a, detectando as carencias e intentar pórllle remedio. Para iso:

- Realizarase unha avaliación inicial coa fin de detectar posibles déficits nos contidos básicos da materia.
- Acudirase ao Departamento de Orientación para pedir asesoramento e para levar a cabo as medidas oportunas. A coordinación con este departamento debe ser constante tanto para coñecer o punto desde o que partimos, como para trazar itinerarios no caso de alumnado que precise unha atención especial.
- Manterase un contacto constante co tutor/a e coa familia de ser o caso.
- Deseñaranse situacións de ensinanza-aprendizaxe nas que teñan cabida diferentes ritmos na adquisición de contidos.
- Potenciarase a autonomía do alumnado, así como o traballo en grupo para buscar a colaboración entre o alumnado.
- Entregarase material de reforzo a aquel alumnado que o necesite e o profesor encargarse de supervisalo e corríxilo.
- Utilizaranse materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e insistirase na dimensión práctica da materia coa fin de despertar o interese do alumnado cara ela.
- Programaranse actividades motivadoras que respondan aos intereses do alumnado e á conexión co seu entorno social e cultural.
- No caso de que sexa necesario e sempre en coordinación co Equipo de Orientación, levaranse a cabo adaptacións curriculares non significativas.

En definitiva, respectaremos as diferenzas individuais e a partir delas buscaremos modelos que fagan posible o proceso comunicativo, clave e esencial no noso proceso de ensinanza-aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Creatividade			X			X		
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes			X			X		X
ET.5 - Liberdade de expresión				X				
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Prevención e resolución pacífica de conflitos			X			X		
ET.8 - Educación cívica e en valores			X			X		
ET.9 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais			X			X		

	UD 9
ET.1 - Expresión oral e escrita	X
ET.2 - Comprensión lectora	X
ET.3 - Creatividade	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.5 - Liberdade de expresión	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.8 - Educación cívica e en valores	X
ET.9 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúnhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.	X	X	X
Visionado de películas	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as destrezas de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (capacidade conversacionais, tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións.	X	X	X
Celebración de efemérides como o Día do Libro, o Día das Escritoras, o Día da Poesía e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.	X	X	X
Asistencia a obras teatrais ou exposicións relacionadas coa materia	Esta actividade posibilita que o alumnado se achegue máis ás obras que le e que explicamos na aula. Desta forma, vivirán o teatro de forma máis intensa e fomentaremos o gusto por estas manifestacións culturais.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lecturas dramatizadas	Permitiranos traballar de forma divertida e amena as lecturas correspondentes aos distintos periodos literarios.	X	X	X
Participación en concursos literarios da Comunidade ou a nivel nacional	Favorece a participación activa do alumno, para estimular a implicación na construción das súas propias aprendizaxes.	X	X	X

Observacións:

A realización destas actividades dependerá da dispoñibilidade das mesmas e, tamén, das circunstancias nas que nos atopemos ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Metodoloxía empregada
Antes de pasar a un novo contido ou unidade didáctica, interésase por saber se se comprendeu o anterior.
Corrix e explica, de forma habitual, as actividades dos alumnos/as, e dá pautas para a mellora da súa aprendizaxe.
Propón actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma.
Favorece a participación activa do alumno, para estimular a implicación na construción das súas propias aprendizaxes.
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Medidas de atención á diversidade
Realizou unha avaliación inicial ao comezo do curso para saber de que coñecementos partían os alumnos.
As explicacións realizadas polo profesor foron comprensibles.
O profesor presta axuda a aqueles alumnos que precisan dela.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Clima de traballo na aula
O clima que se respira na clase é o axeitado para o desenvolvemento do proceso de ensino.
O profesor ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer axuda tanto na clase como fóra dela.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informa dos resultados aos alumnos, pais ou tutores, de maneira clara e precisa, mantendo unha comunicación fluída.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados